



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE TUI (PONTEVEDRA) CELEBRADA O DÍA 27 DE ABRIL DE 2015.

SESIÓN Nº 4/2015

ASISTENTES

CONCELLEIROS/AS

GRUPO MUNICIPAL DO PP

Vanessa Rodríguez Pereira.

Angel Gutiérrez González.

Jose Angel Villaverde Rocha.

Raquel Lorenzo Pimentel.

Olga Montes Moldes

GRUPO MUNICIPAL ATT

Miguel Capón Rey.

María Beatriz González García.

Telmo González Ramos

GRUPO MUNICIPAL PSdG-PSOE

Enrique Cabaleiro González.

GRUPO MUNICIPAL DO BNG

José Martínez Tato

GRUPO MIXTO

SECRETARIA

Irene Suárez López

AUSENCIAS NON XUSTIFICADAS:

Marcelino Cendón Vázquez

Manuel González Vázquez

Antonio Castro Negro

Carmen Paula Gómez Pérez

Laureano Alonso Álvarez

Carlos Vázquez Padín

Na Casa do Concello, ás dez horas do día vinteseite de abril de dous mil quince, reúnen os/as Sres/as. Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia do Alcalde da Corporación, Moisés Rodríguez Pérez. Asiste a Secretaria Dña Irene Suárez López. O obxecto da reunión é realizar sesión extraordinaria en primeira convocatoria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.

Tras acreditar a existencia de quórum necesario para o inicio da sesión, o Alcalde, da por iniciada a mesma procedendo a tratar o primeiro punto da orde do día.

ORDE DO DÍA

1º (e único).- DESIGNACION, MEDIANTE SORTEO, DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS CORRESPONDENTES ÁS ELECCIÓNS MUNICIPAIS DE 24 DE MAIO DE 2015.

De seguido a Secretaria indica que se vai proceder á realización do correspondente SORTEO de conformidade co programa informático, no que figuran os membros do censo electoral de conformidade co establecido no artigo 26 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, dos membros que formarán as mesas electorais (presidentes e vocais) .

O Censo electoral utilizado para o sorteo, é o CER (Censo de Españois Residente), facilitado pola Oficina do Censo Electoral.

A citada aplicación, á hora de proceder ó sorteo, realiza un primeiro filtro sobre o mencionado censo, seleccionando os menores de 70 anos e que sepan ler e escribir, como posibles candidatos ás mesas e un segundo filtro entre o resultado do primeiro, seleccionado ós que teñen título de bacharelato, FP II ou superior para o posto de presidente/a das mesmas.

De seguido procedese ó sorteo no Salón de Plenos do Concello, coa asistencia do funcionario encargado do padrón municipal, que realiza o mesmo, puidendo visualizar tódolos concelleiros o xeito de realizalo sorteo mediante un proxector instalado ao efecto. Unha vez realizado entrégase unha copia do resultado a cada un dos voceiros dos grupos políticos municipais presentes. (XÚNTASE RELACIÓN DOS MEMBROS DAS MESAS SEGUNDO O SORTEO).

E non habendo mais asuntos que tratar douse por finalizada a sesión sendo as dez horas e corenta minutos estendéndose a presente acta da que eu, Secretaria, certifico.

Vº e Pº